



Acceso á Aula Virtual

Dende a web do centro podemos acceder á aula virtual picando no enlace **Aula Virtual** situado na parte superior dereita




Agora estamos na aula virtual, esta é a páxina principal que amosa os cursos dispoñibles organizados por materias. Algúns destes cursos permiten acceder como convidado, cunha Contraseña que facilita o profesor, outros requiren estar identificado. En todos os cursos é necesario autenticarse para poder interactuar co profesorado, participar nos foros, remitir tarefas, etc.


Para identificarse, preme no enlace (**Acceso**), situado na parte superior dereita



Aquí poderás acceder co teu Nome de usuario e a túa Contraseñal; ou ben, se é a primeira vez, le as instrucións e despois preme no botón **Crear unha nova conta**



Isto lévate ao seguinte formulario que deberás completar



Nome de usuario: utiliza o nome de pila e os apelidos separados por puntos **nome.apellido.apellido** se xa existe, engade o ano de nacemento **nome.apellido.apellido.20XX**

Por exemplo **antia.lopez.ruiz** ou **antia.lopez.ruiz.2005**

Contraseñal: debes procurar non esquecerla

Enderezo de correo: ten que ser unha dirección válida

Nome: o noso nome de pila, por exemplo **Antía**

Apellido: os nosos apelidos, por exemplo **López Ruíz**


Por último, preme en **Crear a miña nova conta**


Se o nome de usuario ou o correo electrónico introducidos xa está rexistrado, o rexistro será rexeitado e deberemos modificar o dato repetido. No caso de que estea repetido o nome de usuario, normalmente será porque outra persoa xa se rexistrou con el e simplemente debemos seguir a norma establecida para poñer un nome distinto. No caso de que estea repetido o correo electrónico, debería significar que en realidade xa estamos rexistrados, xa que ningunha outra persoa debería ter feito o rexistro coa nosa conta de correo.

Se os datos son correctos, o sistema enviará unha mensaxe de correo electrónico á conta que se utilizou para o rexistro con instrucións e un enlace para validar o rexistro e poder entón entrar na aula virtual.

FEITO ISTO, PODERÁS ACCEDER COMO USUARIO AUTENTICADO AOS CURSOS NOS QUE O MATRICULE O PROFESORADO (TERÁS QUE ESPERAR A QUE ISTO OCURRA)

Ao acceder como usuario autenticado, no bloque **Navegación** (á esquerda), no menú **Os meus cursos**, irán aparecendo os curso nos que estás matriculado





Deeste xeito, ao premer no curso aparecen dispoñibles opcións que antes como invitado non figuraban.

